



## **MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DE MAREA ATLÁNTICA E COMPOSTELA ABERTA PARA A PARALIZACIÓN DA LOMCE E AS REVÁLIDAS.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Na actualidade, existe unha ampla demanda entre a comunidade educativa e as organizacións sociais, políticas, de nais e pais, así como de estudantes, a respecto da paralización das medidas contidas na Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa, ao tempo que esixen “un acordo que evite o aumento do fracaso escolar e restitúa a democracia nos centros e a equidade no sistema educativo”.

É imprescindible frear canto antes o aumento do fracaso escolar, a segregación temperá e a expulsión do alumnado con máis dificultades e menos recursos dos centros escolares.

A LOMCE foi aprobada, no ano 2013, cunha ampla contestación e entre queixas pola falla de consenso na súa redacción e tramitación.

Trátase dunha lei centralizadora, clasista e sexista, que pretende mercantilizar a educación e recuperar un modelo educativo xa superado, regresivo, confesional, e autoritario. Non pretende mellorar, ao contrario do que afirma no seu título, a calidade educativa, senón –como afirma na súa frase inicial- a competitividade da economía, esquecendo a relevancia dos procesos de ensino –aprendizaxe.

O actual contexto político –sen maiorías claras no Congreso dos Deputados- abre unha oportunidade para a súa revisión, modificación ou mesmo derogación, e cando menos, á eliminación dalgún dos aspectos máis polémicos.

A instauración de reválidas e avaliacións finais de etapa actúa como elemento segregador dos currículos educativos, xa que en cuarto da ESO divide ás alumnas e alumnos en dúas categorías, seleccionando a aqueles que poderán estudar bacharelato, e os demais, que serán dirixidos cara a FP, sen ter en conta a incidencia entre o estudantado de posibles dificultades de aprendizaxe ou doutra índole.



Así, as rapazas e rapaces do noso sistema educativo se enfrontan, con 15 e 16 anos, a unha proba “obxectiva” que non ten en conta as súas características intelectuais, persoais, sociais, ou económicas, na que non teñen marxe de erro, e que pode marcar o seu futuro a nivel formativo. Ademais de supoñer unha presión psicolóxica a unha idade temprana, esquece o principio pedagóxico de avaliación continua, e se limita a determinadas áreas de coñecemento, desprezando outras habilidades, destrezas e competencias.

Estas avaliacións condicionan a actividade educativa, deslexitimando ao persoal docente; degradando os contidos –só se estuda o que se examina e o tempo se centra na preparación de exames-; xerando un importante custe na realización de probas externas, tanto para os centros como para as familias que se vén obrigadas a recorrer a academias para a preparación das probas; e introducindo un ambiente competitivo e segregador entre os centros, en lugar de fomentar a cooperación e o traballo en rede.

A LOMCE tamén arrebatou as competencias dos consellos escolares, impondo un modelo de xestión empresarial da educación, e recurtando as súas funcións ata a súa conversión en entes consultivos, arruinando así o funcionamento democrático e participativo nos centros educativos, o que contradí o artigo 27 da Constitución.

Tamén anula a independencia dos directores e directoras, xa que a Lei impón un modelo de nomeamento que facilita a destitución de direccións críticas e a imposición de afíns.

Dentro das medidas urxentes que se deben tomar para mellorar realmente o sistema educativo, ademais de plantexar aquelas que apostan pola equidade –como acordar que non debe haber nin un recorte máis na escola pública, e revertir os xa feitos; apostar pola universalización da educación infantil pública; situar a inclusión como prioridade; restituír os servizos complementarios de comedores e transporte; e revertir os recortes en profesorado- é preciso eliminar o instrumento das reválidas. 128

Polo exposto, os Grupo Provinciais de Compostela Aberta e Marea Atlántica presentan ante este Pleno a seguinte proposta de ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia, como administración competente en materia educativa, a eliminar a celebración de reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen, por seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta.



2. Instar á Xunta de Galicia e aos grupos políticos do Congreso dos Deputados e do Parlamento Galego a solicitar ao Goberno do Estado a derogación da LOMCE.
3. Instar á Xunta de Galicia a defender as competencias propias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país.